EC-COUNCIL Certified Ethical Hacker (CEH)

Descrición

Dos creadores de Certified Ethical Hacker (CEH) chega a versión 13, completamente renovada e integrada con avanzadas capacidades de IA.

Este programa está estruturado en 20 módulos de aprendizaxe, abarcando máis de 550 técnicas de ataque e proporciónache o coñecemento fundamental para destacar como profesional da ciberseguridade.

As probas de selección serán PRESENCIAIS e terán lugar na sede do CNTG.

Para a realización da citada proba de selección, é recomendable ter un coñecemento de nivel medio de comprensión lectora en inglés, posto que a proba pode incluír preguntas en inglés e o exame oficial de certificación ao que se opta neste curso realízase en inglés.

Para seguir o curso é necesario que o equipo conte con altofalantes ou auriculares.

Obxectivos

O curso de Certified Ethical Hacker (CEH) ten como obxectivo ofrecer unha comprensión profunda das técnicas e ferramentas esenciais no hacking ético. Os/as participantes aprenderán a identificar e analizar vulnerabilidades en sistemas e redes, dominando técnicas de recoñecemento, escaneo, enumeración e explotación, mentres exploran ameazas como malware e ataques de denegación de servizo. Tamén se abordarán aspectos cruciais da seguridade en aplicacións web, redes sen fíos, dispositivos móbiles, IoT e computación na nube, xunto con principios de criptografía e estratexias de contramedidas efectivas. Este curso prepara ao alumnado para enfrontar os desafíos de seguridade nunha contorna dixital en constante cambio.
Exame de certificación incluído: 312-50 ECCouncil / Certified Ethical Hacker (CEH)

Dirixido a

Este curso está dirixido particularmente a responsables de seguridade, auditores/as, profesionais de seguridade, administradores/as de sistemas e a quen estea interesados/as na seguridade dos sistemas de información.

Recomendable ter coñecemento nivel medio comprensión lectora de ínguas.

BENEFICIOS	Diploma de asistencia
	Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Os nosos formadores son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso EC Council) para impartir estes cursos.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	14/09/2026 - 01/10/2026
PROBA DE SELECCIÓN	06/10/2026 (16:30)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)

DURACIÓN	48 horas
DATA INICIO	26/10/2026
DATA FIN	06/11/2026
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas. Venres de 16:00 a 20:
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	312-50 ECCouncil / Certified Ethical Hacker (CEH)
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	Ciberseguridade/Ciberseguridad EC-Council
PERIODO DOCENCIA	26/10/2026 - 06/11/2026

Temario

Módulo 01: Introdución ao Ethical Hacking

Módulo 02: Footprinting e Recoñecemento

Módulo 03: Scanning de Redes

Módulo 04: Enumeración

Módulo 05: Análise de Vulnerabilidades

Módulo 06: Hacking de Sistemas

Módulo 07: Ameazas de Malware

Módulo 08: Sniffing

Módulo 09: Enxeñería Social

Módulo 10: Denial-of-Service

Módulo 11: Secuestro de Sesións

Módulo 12: Evadir IDS, Firewalls e Honeypots

Módulo 13: Hacking de Servidores Web

Módulo 14: Hacking de Aplicacións Web

Módulo 15: Inxección SQL

Módulo 16: Hacking de Redes sen fíos

Módulo 17: Hacking de Plataformas Móbiles

Módulo 18: Hacking de IoT

Módulo 19: Cloud computing

Módulo 20: Criptografía